

# **SANTIAGO CORTEGOSO**

Raclette

Finalista a la Mejor Autoría Teatral  
XXI Premios Max de las Artes Escénicas

**Edición bilingüe: castellano / gallego**

fundación  sgae

Sin la autorización por escrito de la editorial, no se permite la reproducción total o parcial de esta obra ni tampoco su tratamiento o transmisión por ningún medio o sistema.

De igual manera, todos los derechos que de ella dimanen, cualquiera que sea la naturaleza de estos, así como las traducciones que puedan hacerse, incluyéndose igualmente las representaciones profesionales y de aficionados, las películas de corto y largo metraje, recitación, lectura pública y retransmisión por radio o televisión, quedan estrictamente reservados. Se pone un especial énfasis en el tema de las lecturas públicas, cuyo permiso deberá asegurarse por escrito.

Las solicitudes para la representación de esta obra, de cualquier clase y en cualquier lugar del mundo, habrán de dirigirse a Sociedad General de Autores y Editores, SGAE, en la calle de Fernando VI número 4, 28004 Madrid, España.

## **SANTIAGO CORTEGOSO**

### **Raclette**

Primera edición bilingüe castellano / gallego, 2018

© De *Raclette*: Santiago Cortegoso Calvar

© De la traducción al castellano: Santiago Cortegoso Calvar

© Para esta edición: Fundación SGAE, 2018

Coordinación editorial: Pilar López. Diseño gráfico y cubierta: José Luis de Hijes.

Maquetación y procesos digitales de edición: bolchiroservicios.com

Corrección: Marisa Barreno. Logotipo de la colección: Francisco Nieva.

Imprime: Estugraf Impresores, SL

Edita: Fundación SGAE

Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid

[www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org) [publicaciones@fundacionsgae.org](mailto:publicaciones@fundacionsgae.org)

ISBN: 978-84-8048-895-2

ISBN electrónico: 978-84-8048-896-9

DL: M-5886-2018

## Raclette

*Fue estrenada, en su versión original en gallego, el 22 de enero de 2016 en el Teatro Rosalía Castro de A Coruña. La versión en castellano se estrenó el 25 de agosto de 2016 en la Feria de Ciudad Rodrigo, donde recibió el Premio del Público al Mejor Espectáculo de Sala.*

### Ficha artística

RAÚL

PAULA

VERO

MÍRIAM

MARIO

DIRECCIÓN Y DRAMATURGIA

Toni Salgado

Deborah Vukusic

Marián Bañobre

Iria Sobrado

Salvador del Río

Santiago Cortegoso

### Equipo artístico y técnico

ESPACIO ESCÉNICO E IMAGEN

Diego Seixo

ILUMINACIÓN

Salvador del Río

VESTUARIO

Marián Bañobre

MAQUILLAJE Y PELUQUERÍA

Trini F. Silva

SONIDO

Quito

VÍDEO

José V. Estonlo

COBERTURA TÉCNICA

Ningures Producción, S. L.

AYUDANTE DE DIRECCIÓN

Rubén Pérez

Producción y distribución: Ibuprofeno Teatro

## **Personajes**

RAÚL: 33 años. Actor de teatro alternativo.

PAULA: 35 años. Ayudante de dirección de una serie de televisión.

VERO: 42 años. Enfermera, encargada de una huerta urbana.

MARIO: 47 años. Periodista en paro.

MÍRIAM: 43 años. Zoóloga.

## **Espacio**

Toda la acción transcurre alrededor de una sola mesa redonda, en la que habrá una sola raclette.

Los personajes MARIO y MÍRIAM nunca hablan ni se relacionan con los otros tres. Tampoco los otros tres con ellos. Como si hubiera una quinta pared entre las dos tramas.

*La mesa está puesta para dos.*

*Mario está sentado en una de las sillas, esperando a Míriam.*  
*Paula entra con un tapete redondo y Raúl con dos sillas.*

RAÚL.— ¿Y qué hace?

PAULA.— ¿Quién?

RAÚL.— La tía esta.

PAULA.— ¿La madre?

RAÚL.— Sí.

PAULA.— Creo que da clases.

RAÚL.— ¿De qué?

PAULA.— O es enfermera, no sé...

RAÚL.— ¿Cuántos platos?

PAULA.— Cuatro.

RAÚL.— ¿Para cada uno?

PAULA.— Cuatro. Uno para cada uno.

RAÚL.— ¿No hay entrantes?

PAULA.— Como no piquemos jamón o algo...

*Raúl y Paula salen después de colocar las cosas.*

*Vuelven a entrar, Raúl con los platos y cubiertos, y Paula con cuatro copas.*

RAÚL.— *¿Y él?*

PAULA.— No sé.

RAÚL.— Traerán el vino, por lo menos.

PAULA.— Lo celebramos otro día, ¿que más te da?

RAÚL.— O lo dejamos para el año que viene...

PAULA.— Te invito mañana o pasado a cenar fuera para compensar.

RAÚL.— Tengo bolo, ya lo sabes.

PAULA.— El tenedor en la izquierda.

RAÚL.— Si te parece, lo anulo.

PAULA.— Podemos reservar igual, seguro que suspendéis.

RAÚL.— O no.

PAULA.— El jueves siempre suspendéis y en el japonés habrá mesa.

RAÚL.— Como si me invitas a un polaco; ¿por qué no los invitas a ellos mañana?

PAULA.— Tiene que ser hoy.

RAÚL.— Claro.

PAULA.— La tía está ocupada por las noches.

RAÚL.— Menos hoy.

PAULA.— Menos hoy.

RAÚL.— Pues por el día.

PAULA.— Por el día trabajan. No pueden quedar en horario laboral.  
No van a pedir horas para reunirse conmigo.

RAÚL.— Ellos no pueden pedir horas, entonces me las pides tú a mí.

PAULA.— Me ha costado un montón quedar con ellos, no lo he podido arreglar de otra manera.

RAÚL.— Si lo llego a hacer yo...

PAULA.— ¿El qué?

RAÚL.— Esto.

PAULA.— ¿El qué?

RAÚL.— Cargarme la cena de aniversario.

PAULA.— Has hecho cosas peores.

*Raúl y Paula salen y vuelven a entrar. Raúl trae otras dos sillas, y Paula servilletas y una botella de vino.*

RAÚL.— ¿Y el crío cuál es?

PAULA.— Mateo.

RAÚL.— ¿El que me habías dicho que era insopportable?

PAULA.— El otro, el tímido.

RAÚL.— Ah.

PAULA.— Decía mejor el texto. Además los padres son funcionarios y se les ve holgados de pasta. El padre del insoportable está en paro y puede ser más conflictivo.

RAÚL.— ¿Esto te lo pagan aparte?

PAULA.— Es una estrategia mía.

RAÚL.— ¿Hacer de tu casa una extensión de la oficina?

PAULA.— Es como si tú invitás a alguien con el que quieras montar algo pero el tío no lo tiene claro. Tratas de explicarle el proyecto, de crear proximidad para convencerlo.

RAÚL.— Pero estás igual de próximos en la productora.

PAULA.— No es igual. Los críos actores son un tema delicado.

RAÚL.— Los padres de los críos, dirás...

PAULA.— Los padres son el problema, sí.

RAÚL.— Los padres tienen la culpa de todo.

PAULA.— Para de roñar.

RAÚL.— Las guerras no tendrían tanta importancia si los padres no sintieran pena por los niños refugiados.

PAULA.— Han pasado quince días desde que los llamé por teléfono para comunicarles la selección del niño. Quedaron en pasar por la productora para confirmar las condiciones y firmar todo, pero ahora de pronto la tía contesta con evasivas y parece que se quiere echar atrás.

RAÚL.— ¿Y por qué lo llevaron al *casting*?

PAULA.— ¿A ti qué te parece? Pero se ve que a la hora de la verdad les entraron las dudas. Son de esos padres muy preocupados por la personalidad del niño.

RAÚL.— Pobrecito.

PAULA.— No sé de qué tienen miedo, pero hay que averiguarlo. Y si están cómodos es más fácil que den un sí. Lo importante es que se tranquilice el jefe de producción, que está histérico con este tema.

RAÚL.— Últimamente cualquier cosa de trabajo es más importante que lo demás.

PAULA.— Hay momentos para todo.

RAÚL.— Esa puta mierda de serie tiene prioridad...

PAULA.— De esa puta mierda es de lo que vamos a vivir en los próximos meses.

RAÚL.— Ya estamos.

PAULA.— Y convencer a estos me va a dar muchos puntos para dar el salto a primera ayudante.

RAÚL.— ¡La hostia!

PAULA.— Son mil euros más cada mes.

*Paula y Raúl salen y vuelven a entrar, él con una cerveza en la mano y ella con una raclette, que pone sobre el tapete en el centro de la mesa.*

PAULA.— Dejamos este espacio de aquí para las fuentes.

RAÚL.— ¿Vas a enchufar ya?

PAULA.— Espera a que lleguen.

*Raúl bebe cerveza.*

¿Sabes lo que te había comentado de la peli?

RAÚL.— ¿El qué?

PAULA.— La peli de Jorge.

RAÚL.— Ah, ¿qué?

PAULA.— Hoy me volvió a hablar del asunto.

RAÚL.— ¿Ya se ha afeitado?

PAULA.— Me lleva de primera ayudante, si todo sigue adelante, claro.

RAÚL.— ¿A Brasil?

PAULA.— Es una pasada, tiene a Miguel revisándole el guion.

RAÚL.— ¿Y se va a ir a Brasil con esa barba?

PAULA.— Va a ser un proyecto internacional, Luis Tosar está dentro seguro.

RAÚL.— Va a ser una putada que todo se joda por los pelos.

# **SANTIAGO CORTEGOSO**

Raclette

Finalista a la Mejor Autoría Teatral  
XXI Premios Max de las Artes Escénicas

XXII Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais en galego

Sen a autorización por escrito da editorial, non se permite a reprodución total ou parcial desta obra nin tampouco o seu tratamento ou transmisión por ningún medio ou sistema.

De igual maneira, todos os dereitos que dela dimanan, calquera que sexa a natureza destes, así como as traducíons que poídan facerse, incluíndose igualmente as representacións profesionais e de afeccionados, as películas de curto e longa metraxe, recitación, lectura pública e retransmisión por radio ou televisión, quedan estritamente reservados. Pонсе unha especial énfase no tema das lecturas públicas, cuxo permiso deberá asegurarse por escrito.

As solicitudes para a representación desta obra, de calquera clase e en calquera lugar do mundo, haberán de dirixirse a Sociedade Xeral de Autores e Editores, SGAE, na rúa de Fernando VI número 4, 28004 Madrid, España.

## **SANTIAGO CORTEGOSO**

### **Raclette**

Primeira edición bilingüe castellano / galego, 2018

© De *Raclette*: Santiago Cortegoso Calvar

© Para esta edición: Fundación SGAE, 2018

Coordinación editorial: Pilar López. Deseño gráfico e de cuberta: José Luis de Hijes.

Maquetación e procesos dixitais de edición: bolchiroservicios.com

Corrección: Marisa Barreno. Logotipo da colección: Francisco Nieva.

Imprime: Estugraf Impresores, SL

Edita: Fundación SGAE

Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid

[www.fundacionsgae.org](http://www.fundacionsgae.org) [publicaciones@fundacionsgae.org](mailto:publicaciones@fundacionsgae.org)

ISBN: 978-84-8048-895-2

ISBN electrónico: 978-84-8048-896-9

DL: M-5886-2018

## Raclette

*Foi estreada, na súa versión orixinal en galego, o 22 de xaneiro de 2016  
no Teatro Rosalía Castro da Coruña.*

A versión en castelán estreouse o 25 de agosto de 2016 na Feira de Ciudad Rodrigo, onde recibiu o Premio do Públco ó Mellor Espectáculo de Sala.

## Ficha artística

RAÚL

PAULA

VERO

MÍRIAM

MARIO

Toni Salgado

Deborah Vukusic

Marián Bañobre

Iria Sobrado

Salvador del Río

**DIRECCIÓN E DRAMATURXIA**

**Santiago Cortegoso**

## Equipo artístico e técnico

ESPAZO ESCÉNICO E IMAXE

Diego Seixo

ILUMINACIÓN

Salvador del Río

VESTIARIO

Marián Bañobre

MAQUILLAXE E PEITEADO

Trini F. Silva

SON

Quito

VÍDEO

José V. Estonlo

COBERTURA TÉCNICA

Ningures Producción, S. L.

AXUDANTE DE DIRECCIÓN

Rubén Pérez

Producción e distribución: Ibuprofeno Teatro

## **Personaxes**

RAÚL: 33 anos. *Actor de teatro alternativo*

PAULA: 35 anos. *Axudante de dirección dunha serie de televisión.*

VERO: 42 anos. *Enfermeira, encargada dunha horta urbana.*

MARIO: 47 anos. *Xornalista en paro.*

MÍRIAM: 43 años. *Zoóloga.*

## **Espazo**

A acción transcorre arredor dunha mesa redonda, na que haberá unha soa raclette.

Os personaxes MARIO e MÍRIAM nunca falan nin se relacionan cos outros tres. Tampouco os outros tres con eles. Como se houbese unha quinta parede entre as dúas tramas.

A mesa está posta para dous.

Mario está sentado nunha das cadeiras, esperando a Míriam.  
Paula entra cun tapete redondo e Raúl con dúas cadeiras.

RAÚL.— E que fai?

PAULA.— Quen?

RAÚL.— A tipa esta.

PAULA.— A nai?

RAÚL.— Si.

PAULA.— Creo que dá clases.

RAÚL.— De que?

PAULA.— Ou é enfermeira, non sei...

RAÚL.— Cantos pratos?

PAULA.— Catro.

RAÚL.— Para cada un?

PAULA.— Catro. Un para cada un.

RAÚL.— Non hai entrantes?

PAULA.— Como non piquemos xamón ou algo...

*Raúl e Paula saen despois de colocar as cousas.  
Volven entrar, Raúl cos pratos e cubertos e Paula con catro copas.*

RAÚL.— E el?

PAULA.— Non sei.

RAÚL.— Traerán o viño, polo menos.

PAULA.— Celebrámolo outro día, que máis che ten?

RAÚL.— Ou deixámolo para o ano que vén...

PAULA.— Invítote mañá ou pasado a cear fóra para compensar.

RAÚL.— Teño bolo, xa o sabes.

PAULA.— O garfo na esquerda.

RAÚL.— Se che parece anúloo.

PAULA.— Podemos reservar igual, seguro que suspendededes.

RAÚL.— Ou non.

PAULA.— O xoves sempre suspendededes e no xaponés ha de haber sitio.

RAÚL.— Como se me invitás a un polaco; por que non os invitás a eles mañá?

PAULA.— Ten que ser hoxe.

RAÚL.— Claro.

PAULA.— A tipa está ocupada polas noites.

RAÚL.— Menos hoxe.

PAULA.— Menos hoxe.

RAÚL.— Pois polo día.

PAULA.— Polo día traballan. Non poden quedar en horario laboral.  
Non van pedir horas para reunirse comigo.

RAÚL.— Eles non poden pedir horas, entón pídesmas ti a min.

PAULA.— Custoume un mundo quedar con eles, non o puiden amarñar doutra maneira.

RAÚL.— Se o chego a facer eu...

PAULA.— O que?

RAÚL.— Isto.

PAULA.— O que?

RAÚL.— Estragar a cea de aniversario.

PAULA.— Tes feito cousas peores.

*Raúl e Paula saen e volven entrar. Raúl trae outras dúas cadeiras e Paula panos de mesa e unha botella de viño.*

RAÚL.— E o rapaz cal é?

PAULA.— Mateo.

RAÚL.— O que me dixeras que é insopportable?

PAULA.— O outro, o tímido.

RAÚL.— Ah.

PAULA.— Dicía mellor o texto. Ademais os pais son funcionarios e andan folgados de cartos. O pai do insoportable está no paro e pode ser máis conflitivo.

RAÚL.— Isto págancho á parte?

PAULA.— É unha estratexia miña.

RAÚL.— Facer da túa casa unha extensión da oficina?

PAULA.— É como se ti invitás alguéén co que queres montar algo pero o tipo non o ten claro. Tratas de explicarlle o proxecto, de crear proximidade para convencelo.

RAÚL.— Pero estades igual de próximos na produtora.

PAULA.— Non é igual. Os nenos actores son un tema delicado.

RAÚL.— Os pais dos nenos, dirás.

PAULA.— Os pais son o problema, si.

RAÚL.— Os pais teñen a culpa de todo.

PAULA.— Para de roñar.

RAÚL.— As guerras non terían tanta importancia se aos pais non lles desen pena os nenos refuxiados.

PAULA.— Pasaron quince días desde que os chamei por teléfono para lles comunicar a selección do rapaz. Quedaron de pasar pola produtora a confirmar as condicións e asinar todo, pero agora de súpeto a tipa contesta con evasivas e parece que se quere botar atrás.

RAÚL.— E por que o levaron ó *casting*?

PAULA.— A ti que che parece? Pero vese que á hora da verdade entráronlle as dúbihadas. Son deses pais moi preocupados pola personalidade do rapaz.

RAÚL.— Pobriño.

PAULA.— Non sei de que teñen medo, pero hai que descubrilo. E se están cómodos é máis doado que dean un si. O importante é que se tranquilice o xefe de producción, que está histérico con este tema.

RAÚL.— Ultimamente calquera cousa de traballo é máis importante có demais.

PAULA.— Hai momentos para todo.

RAÚL.— Esa puta merda de serie ten prioridade...

PAULA.— Esa puta merda é do que imos vivir nos próximos meses.

PAULA.— Xa estamos.

RAÚL.— E convencer a estes vaime dar moitos puntos para saltar a primeira axudante.

RAÚL.— Mi madriña!

PAULA.— Son mil euros más cada mes.

*Paula e Raúl saen e volven entrar, el cunha cervexa na man e ela cunha raclette, que pousa no centro da mesa, enriba do tapete.*

PAULA.— Deixamos este espazo de aquí para as fontes.

RAÚL.— Vas enchufar xa?

PAULA.— Espera a que cheguen.

*Raúl bebe cervexa.*

Sabes o que che comentara da peli?

RAÚL.— O que?

PAULA.— A peli de Xurxo.

RAÚL.— Ah, que?

PAULA.— Hoxe volveume falar.

RAÚL.— Xa se afeitou?

PAULA.— Lévame de primeira axudante, se todo segue adiante, claro.

RAÚL.— A Brasil?

PAULA.— É unha pasada, ten a Miguel revisándolle o guión.

RAÚL.— E vai marchar a Brasil con esa barba?

PAULA.— Vai ser un proxecto internacional, Luís Tosar está dentro, seguro.

RAÚL.— Vai ser unha putada que todo se escaralle polos pelos.

PAULA.— O que?

RAÚL.— Polos pelos da barba que se lle van coar no obxectivo da cámara.

PAULA.— Boh!

RAÚL.— Ademais vaise asfixiar de calor en Brasil.

PAULA.— Para o ano podo estar en coproducións gordas. Buf! Dáme un pouco de vertixe.

RAÚL.— Non me estraña.

PAULA.— A ti fastídiache, non?

RAÚL.— A min?

PAULA.— Macho, é que non fas máis que poñer cara de cu.

RAÚL.— Eu?

PAULA.— Si, parece que che fastidia que me saian as cousas ben.

RAÚL.— Dis ti que che saen ben.

PAULA.— Eu?

RAÚL.— Se para ti iso é ir ben...

PAULA.— Tes envexa.

RAÚL.— Unha merda, mete onde che caiba a película de Tosar e as barbas do outro imbécil.

PAULA.— Que desagradable es.

RAÚL.— O que me toca o carallo é que te xuntes cuns nenos de papá ós que están untando cun *pastizal* de tres pares de collóns, para facer que?

PAULA.— Cine, colega.

RAÚL.— Bah, catro historietas que se lle ocorren á xente guai mentres están de copas pasados de farlopa.

PAULA.— Buf...

RAÚL.— E logo non hai pasta para nada, por que? Porque a gastou o barbudo cos *coleguillas* en darse un *garbeo* por Brasil a ver se lla chupa unha mulata.

PAULA.— Liches o guión?

RAÚL.— O que?

PAULA.— Sabes do que estás a falar?

RAÚL.— Con verlle as cutre-curtas que fixo xa non me fai falta máis.

PAULA.— Debes de pensar que con iso que fas das cobaias vas revolucionar o teatro europeo...

RAÚL.— Ti dixéchesme que che gustara.

PAULA.— Home, si...

RAÚL.— Dixeches que che parecía a hostia e que mereciamos estar actuando en todos os sitios.

PAULA.— Si, díxeno.

RAÚL.— Pero non o pensas.

PAULA.— Non é iso.

RAÚL.— Entón que é?

PAULA.— Nada, déixao.

RAÚL.— Non, fala, porque penso que me apoias pero...

PAULA.— Que o deixes.

RAÚL.— Que non!

PAULA.— Que deberías ser más humilde.

RAÚL.— Xa.

PAULA.— Todo o que facemos os demás paréceche unha merda e o teu é fantástico, pero...

RAÚL.— Pero hai menos xente que o entende.

PAULA.— Non sexas elitista.

RAÚL.— Non, é que a tele che está cambiando a mentalidade...

*Soa o interfono. Paula sae. Raúl bebe.*

\*\*\*

*Entra Míriam. Mario érguese. Míranse os dous un momento en silencio.*

MÍRIAM.— E isto?

*Mario encolle os ombros.*

*Míriam deixa a mochila e a chaqueta nunha cadeira.*

MARIO.— Pensei en invitar a Ricardo e a Teté, pero...

MÍRIAM.— Non, non.

MARIO.— Pareceume un pouco precipitado.

MÍRIAM.— Si.

MARIO.— Aínda é moi pronto. Podería ser contraproducente.

MÍRIAM.— Raclette?

MARIO.— Non a usamos aínda desde...

MÍRIAM.— Que difícil é isto.

MARIO.— Pero hai que ir atrevéndose a dar pasos.

MÍRIAM.— Recólleo todo, por favor.

MARIO.— Espera.

MÍRIAM.— Estou moi cansa.

MARIO.— Temos que intentalo.

MÍRIAM.— Vou para a cama.